

ADEMAIS...

**Down Galicia denuncia
a intolerable instrución
da Xunta Electoral**

**Gran campaña para
animar a marcar o
'X Solidario' na Renda**

**Renfe visibleza nos
trens a reivindicacións
do Día Mundial**

TODO SOBRE A CONMEMORACIÓN DO DÍA DA SÍNDROME DE DOWN

**“Queremos ser uns cidadáns máis
nesta sociedade que tamén é nosa”**

ÍNDICE

21M: Conmemoración, Premios Down Galicia e galería	3
21M: Estrea da vídeo-guía sobre a síndrome de Down	11
21M: Renfe colabora nas reivindicacións	13
21M: Éxito de visibilización coa venda do altofalante	15
Denuncia á intolerable instrución da Xunta Electoral	17
Gran campaña para animar a marcar o “X Solidario”	19
Campionato Baristas Down	23
Galardóns Territorios Solidarios	25
Política Social colabora con Down a través do IRPF	27
‘Youtubers’ da comarca de Vigo no Orientaconsello!	31
Máis noticias?	33
Séguenos!	34

© Publicación da Federación Galega de Institucións para a síndrome de Down

Textos e deseño realizados polo Departamento de Comunicación





Representantes institucionais no acto do 21M en Vigo

DÍA MUNDIAL DA SÍNDROME DE DOWN

‘TAN DIFERENTES COMO IGUAIS’

A Federación Down Galicia e as súas entidades veñen de conmemorar no 21 de Marzo o Día Mundial da Síndrome de Down baixo o lema “Tan diferentes como iguais”.

Dita frase pretende poñer en valor o concepto da diferenza e dar visibilidade á idea de que ningunha persoa é igual a outra e que, precisamente, esa diferenza é a que nos enriquece como sociedade. Down Galicia decidiu escoller nesta ocasión un lema sinxelo e directo, que axude a ser comprendido por tódolos públicos.

DOWN VIGO ACOLLE O ACTO NO SEU 30 ANIVERSARIO

O Teatro Salesianos de Vigo foi o escenario escollido pola Federación Down Galicia e pola Asociación Down Vigo para conmemorar un novo Día Mundial da Síndrome de Down. Nun acto que mesturou unha parte lúdica e outra institucional, as persoas con trisomía 21 e outras discapacidades intelectuais foron as verdadeiras protagonistas, reclamando un ano máis os seus dereitos e defendendo a riqueza dunha sociedade diversa e plural.

Nesta edición entregáronse os VI Premios Down Galicia, co obxecto de recoñecer o labor a prol da promoción da autonomía e igualdade das persoas coa síndrome de Down, realizado tanto por institucións e entidades como por persoas particulares.

“Todas as persoas temos os mesmos dereitos, polo que as persoas coa síndrome de Down e outras discapacidades intelectuais tamén queremos ser persoas autónomas e independentes, estudar, traballar, querer, divertirnos, relacionarnos, experimentar e decidir”, demandaron.

A persoa encargada de conducir este acto conmemorativo foi a coñecida presentadora Patricia Pérez, que estivo acompañada en todo momento por Miriam Rodríguez e Roberto Pereira, persoas usuarias de Down Vigo. Tamara Carballa, pola súa banda, foi a encargada de dar lectura ó Manifesto pola Autonomía Persoal, dando así voz a todo o colectivo e facendo fincapé en que as persoas coa síndrome de Down e outras discapacidades intelectuais queren o seu espazo, “que é o de todos, e ser considerados un cidadán ou cidadá máis nesta sociedade que tamén é a nosa”.

No acto tamén interviñeron a conselleira de Política Social, Fabiola García Martínez; a conselleira de Educación, Universidade e Formación Profesional, Carmen Pomar Tojo; o Delegado do Estado do Consorcio Zona Franca de Vigo, David Regades Fernández; o alcalde de Vigo, Abel Caballero; o presidente do Parlamento de Galicia, Miguel Ángel Santalices Vieira; a secretaria de Down Vigo, Sonia María Taboada González; e o presidente de Down Galicia, Delmiro Prieto González.



A benvinda correu a cargo da secretaria de Down Vigo, que aproveitou para agradecer a asistencia de tódalas persoas asistentes. Sonia María Taboada deu a benvida ao evento agradecendo o labor de tódolos ex-presidentes da entidade durante os 30 anos de percorrido e sinalando que “os avances en materia de inclusión socio-laboral son mérito de todas as familias, profesionais e voluntarios”. Ademais, Taboada destacou que “estes actos serven de recoñecemento a todas as entidades que están presentes nas 7 cidades principais de Galicia, xa que sen a unión de todos non tería sido posible avanzar en materia de inclusión”.

O presidente de Down Galicia, pola súa parte, quixo comezar a súa intervención amosando a indignación de todo o movemento Down en Galicia ante a última instrución da Xunta Electoral Central [Páxina 17], que permitirá a determinados membros de formacións políticas cuestionar nas mesas electorais as condicións do voto das persoas con discapacidade. Prieto deixou claro que “é intolerable que as persoas con discapacidade vexan cuestionada, unha vez máis, a súa capacidade de decisión”. Neste sentido, aproveitou a presenza institucional dos representantes autonómicos, provinciais e municipais para instar ás formacións políticas a que “soliciten aos apoderados e interventores dos seus partidos a non formar parte deste despropósito”. Así mesmo, Prieto non quixo esquecerse da importancia da inclusión no eido educativo “nun tempo no que volven alzarse voces a favor da educación segregada”.

Ademais das intervencións das autoridades presentes, as persoas asistentes a este acto puideron desfrutar dun vídeo conmemorativo dos 30 anos da asociación Down Vigo e das estupendas actuacións do artista Mario Rivergood e do Mago Xabi, que fixeron as delicias de todos os espectadores e espectadoras.

Durante esta gala, tamén tivo lugar a estrea do vídeo “Síndrome de Down - Guía rápida”, elaborado pola Federación con motivo deste Día Mundial e financiado pola Consellería de Educación. A través dunha historia animada, Down Galicia pretende achegar á sociedade a realidade desta alteración cromosómica [Páxina 11].

ENTREGA DOS PREMIOS “VI DOWN GALICIA”

Down Galicia entregou nesta ocasión os VI Premios Down Galicia, que teñen por obxecto recoñecer o labor a prol da promoción da autonomía e igualdade das persoas coa síndrome de Down, realizado tanto por institucións e entidades como por persoas particulares.

O premio na categoría institucional foille concedido á Fundación Celta Integra pola promoción da práctica deportiva inclusiva das persoas coa síndrome de Down e outras discapacidades intelectuais coa súa participación activa na Liga Genuine. Mentres, na categoría de persoa particular, o galardón foille concedido a Marcos González, por visibilizar e promover a capacitación profesional das persoas usuarias de Down Vigo ofrecéndolles formación como baristas.



¡XA PODES VER AQUÍ TODAS AS FOTOS DO ACTO DO DÍA MUNDIAL!



ESTREA DA VÍDEO-GUÍA SOBRE A SÍNDROME DE DOWN CO GALLO DO 21M

Este ano, a maiores dos actos conmemorativos e a iluminación dos principais monumentos galegos, Down Galicia decidiu apostar por varias accións de visibilización simultáneas para intentar achegar a realidade da síndrome de Down a toda a sociedade baixo o mesmo lema, "Tan diferentes como iguais".

Desta maneira, Down Galicia lanzou unha campaña de sensibilización en concellos e centros educativos coa que pretende poñer en valor o concepto da diferenza e dar visibilidade á idea de que ningunha persoa é igual a outra e que, precisamente, esa diferenza é a que nos enriquece como sociedade. Máis de 15 concellos galegos sumáronse a esta iniciativa mediante a difusión do vídeo "Síndrome de Down - Guía rápida", información nas súas páxinas webs e redes sociais, a colocación de carteis informativos ou a elaboración de pulseiras conmemorativas para repartir nos centros educativos da súa localidade.

Foi durante o acto central en Vigo cando foi presentada a vídeo-guía. É un pequeno filme de animación elaborado por Down Galicia con motivo deste Día Mundial e financiado pola Consellería de Educación. A través dunha historia sinxela, a Federación pretende achegar á sociedade a realidade desta alteración cromosómica.

Fai click na imaxe para ver o vídeo!




OS TRENS DO CORREDOR ATLÁNTICO VISIBILIZAN AS REIVINDICACIÓNS DO 21M

Renfe e a Down Galicia chegaron a un acordo de colaboración para dar visibilidade ao Día Mundial da Síndrome de Down ante decenas de miles de galegos e galegas así coma visitantes que viaxen pola nosa xeografía.

Para iso a Operadora colocou máis de 2.000 repousacabezas nos seus trens que circulan polo Corredor Atlántico durante os días previos e posteriores á data, dando visibilidade ao colectivo entre dúas e tres semanas.

Esta colaboración enmárcase dentro da Responsabilidade Empresarial de Renfe que ten como finalidade promover de forma continua o seu compromiso cos grupos de interese que pivotan ao redor de catro eixos fundamentais: a Sociedade e a Accesibilidade, a Cultura/Educación e Deporte, a Sustentabilidade e o Medio Ambiente, así como un compromiso Ético e de Bo Goberno.

Coa campaña “Tan diferentes como iguais”, a Federación Down Galicia pretende poñer en valor o concepto da diferenza e dar visibilidade á idea de que ningunha persoa é igual a outra e que, precisamente, esa diferenza é a que nos enriquece como sociedade.



Día Mundial da Síndrome de Down
21 de marzo • *Tan diferentes como iguais*



Somos capaces de estudar e traballar en colexios e empresas. **Permite a nosa inclusión.**
Podemos chegar a levar unha vida autónoma e independente. **Dános o teu apoio.**

downgalicia.org • Séguenos!



Colabora **renfe**



ÉXITO DE VISIBILIZACIÓN COA VENDA DO ALTOFALANTE SOLIDARIO NO 21M

“A música sona mellor con notas solidarias” foi o lema co que as entidades Down en Galicia e La Voz de Galicia puxeron á venda uns 1.000 altosfalantes bluetooth con motivo do Día Mundial da Síndrome de Down.

A venda realizouse nos días previos ao 21 de marzo e está a piques de esgotar todas as súas existencias. O produto ofreceuse a todas aquelas persoas e lector@s do diario galego que quixeron ter a oportunidade de colaborar de forma directa cos programas de inclusión e autonomía persoal que desenvolven as entidades Down.

O altosfalante permite escoitar música ou vídeos desde un dispositivo móbil, pór o mans libres no teléfono, reproducir música en mp3 desde tarxeta MiniSD e sintonizar por radio a túa emisora favorita.

Esta campaña, que complementa as accións do Día Mundial, pretende concienciar á sociedade e permitirlle aportar o seu gran de area para que as persoas coa síndrome de Down contén con apoios e contornas adecuadas onde poidan demostrar a súa valía e crecer levando unha vida autónoma e formando parte da súa comunidade de forma visible e activa.

Esta iniciativa solidaria é posible grazas á colaboración desinteresada de La Voz de Galicia e da Asociación de vendedores de prensa e rede de puntos de venda.

Fart@ de auriculares?

Escoita a música ao teu xeito!

**Reserva este altosfalante bluetooth
con La Voz de Galicia no teu quiosco
ata o vernos 15 de marzo**



DOWN GALICIA DENUNCIA A INTOLERABLE INSTRUCCIÓN DA XUNTA ELECTORAL

A Federación Down Galicia expresa a súa indignación ante as dúas últimas instrución da Xunta Electoral Central, que permitirán a determinados membros de formacións políticas cuestionar nas mesas electorais as condicións do voto de calquera persoa, con ou sen discapacidade mais con este pretexto, que consideren que non votan libremente.

Esta medida, publicada no Boletín Oficial del Estado, é unha das directrices que a Xunta Electoral Central considera necesarias tralas modificacións da Lei Orgánica do Réxime Electoral Xeral (LOREG), que garante o dereito ao voto de todas as persoas con discapacidade desde a súa entrada en vigor o pasado mes de decembro de 2018.

Esta reforma, que se aplicará por vez primeira nas eleccións xerais do vindeiro 28 de abril, permitiu incluír no censo electoral a 100.000 persoas con discapacidade intelectual que tiñan retirado este dereito por orde xudicial.

Deste xeito, a Xunta Electoral Central atribúe a publicación destas medidas aos posibles problemas interpretativos que poden xurdir trala redacción da modificación da LOREG, que sinala que o dereito a sufraxio activo debe exercerse de forma “consciente, libre e voluntariamente”, considerando necesario clarificar este punto e fixar un criterio que poidan seguir os diferentes suxeitos afectados.

Así, as instrucións indican que, aínda que as mesas electorais deberán admitir o voto de calquera persoa con aparente discapacidade que se atope inscrita no censo electoral, no caso de que algún interventor ou apoderado dalgún partido político considere que o voto desa persoa non é exercido de forma consciente, libre e voluntaria, poderá facelo constar na acta da sesión identificando o número do DNI correspondente á persoa en cuestión.

Delmiro Prieto, presidente de Down Galicia, considera esta medida “intolerable”, xa que “as persoas con discapacidade verán cuestionada, unha vez máis, a súa capacidade de decisión”. Prieto indica que “é increíble que, por cada pequeno avance na consecución dos dereitos das persoas con discapacidade, haxa un retroceso de varios anos na súa situación”.

Á vista destas últimas medidas, a Federación Down Galicia quere denunciar, unha vez máis, a persecución á que están sometidas as persoas con discapacidade en xeral, ás que se lles presupón unha menor capacidade inherente á súa discapacidade e, neste caso concreto, se lles coloca nunha clara situación de desvantaxe á hora de exercer o seu dereito fundamental a voto.

A reclamación da Federación Down Galicia súmase á presentada onte polo Comité Español de Representantes de Personas con Discapacidad (CERMI), que tamén solicitou á Xunta Electoral Central que anule con carácter inmediato a última instrución.

GRAN CAMPAÑA PARA ANIMAR A MARCAR O 'X SOLIDARIO' NA RENDA

Santiago de Compostela acolleu o 3 de abril a presentación da nova campaña do “X Solidario”, que este ano reuniu a máis de 200 persoas que “debuxaron” sobre o chan da Quintana a forma da casiña onde insertaron un xigante X, dando así visibilidade á importancia de marcar a casiña de FINS SOCIAIS na Declaración da Renda.

Moitas destas persoas beneficiarias incidiron durante o acto na importancia de marcar o recadro 106 de “Actividades de Interese Xeral consideradas de Interese Social” na declaración, “un simple xesto que non custa nada, e que axuda a moitas persoas a través de programas tan diversos como atención de persoas sen fogar, persoas con discapacidade, maiores, mulleres en dificultade social, vítimas de violencia de xénero... É moi importante que nos consideremos protagonistas do cambio das persoas. Marcando a X Solidaria, somos partícipes do cambio social”.

A vicepresidenta de EAPN-Galicia, Mónica Permuy e o presidente do CERMI Galicia, Iker Sertucha, explicaron neste acto a importancia de marcar a X, porque “beneficia directamente a milleiros de persoas en Galicia como as que hoxe están aquí”.

En palabras de Mónica Permuy, “Hoxe as organizacións que representamos ao Terceiro Sector galego queremos facer un chamamento á cidadanía para que marque o recadro da X Solidaria. Como sabedes, a Administración ofrécenos a posibilidade de decidir a que queremos destinar unha parte do diñeiro que se recada cos nosos impostos. En concreto o 0,7%. Ese porcentaxe irá destinado a facer proxectos sociais para as persoas en risco de exclusión social. España é un dos países con máis desigualdades dentro da Unión Europea. Hai 13 millóns de persoas que están en situación de pobreza e se tódalas persoas que non marcan a X Solidaria o fixeran, poderíamos recadar 12 millóns de euros máis”.

Pola súa banda, o presidente do CERMI, Iker Sertucha, incidiu na “necesidade de manter a calidade e filosofía destes fondos de acción social” que dende o ano pasado xestiona a Xunta de Galicia. “É unha boa nova que permitirá unha maior proximidade ás persoas e ás necesidades, pero para iso débense manter os criterios do presente modelo. Queremos instar, en primeiro lugar, a que o 100% do diñeiro vaia integramente destinado a Política Social. En segundo lugar, que estes cartos sigan estando destinados a ONGs inscritas e recoñecidas na nosa comunidade autónoma e, en terceiro lugar, que haxa menos burocracia na documentación e que no último trimestre do ano sexa comunicada a resolución e ingresados os cartos para poder poñer en marcha os proxectos”.





Premios Mellor Espresso e Mellor cappuccino

DOWN COMPOSTELA E DOWN VIGO NO VII CAMPIONATO DE BARISTAS DOWN

Dez mozos e mozas de Down Compostela e Down Vigo participaron o 1 de marzo no VII Campionato de Baristas Down de Galicia, que se celebrou no restaurante Pazo de Adrán (Teo).

O equipo Rosetta, de Down Compostela, conseguiu o premio ao Mellor Espresso, mentres o equipo Los Superbaristas, de Down Vigo, logrou facer o Mellor Cappuccino e o Mellor combinado deste concurso.

Semanas antes do encontro, os profesionais baristas da escola de Cafento Diego López, en Santiago, e Enrique Salgueiro, en Vigo, formaron ás persoas integrantes dos dous equipos que demostraron súas calidades como baristas elaborando expresos, cappuccinos e combinados de café. As súas elaboracións foron avaliadas por xuíces baristas de recoñecido prestixio.

Os Campionatos Baristas Down son unha iniciativa pioneira no mundo, nacida en Galicia en 2012 e coorganizada por Cafento e a Fundación Down Compostela, que busca visibilizar ao colectivo de persoas coa síndrome de Down en termos positivos; dar unha formación profesional especializada a persoas deste colectivo e facilitar a súa inserción no mercado do traballo con prácticas laborais en establecementos de hostalería.

DOWN GALICIA, GALARDOADA NOS VI TERRITORIOS SOLIDARIOS DE BBVA

Down Galicia é unha das oito entidades galegas galardoadas na sexta edición de “Territorios Solidarios” de BBVA. Desta forma, o programa “Vida independente de persoas coa síndrome de Down” que a Federación e as súas entidades membro levan a cabo conseguiu 6.000€ para o seu desenvolvemento.

Grazas a este proxecto, 178 persoas coa síndrome de Down e outras discapacidades intelectuais poderán mellorar o desenvolvemento de recursos e habilidades que lles permitan levar unha vida máis autónoma, independente e auto xestionada no propio fogar e na comunidade na que levan a cabo o seu proxecto de vida.

BBVA apoia diferentes proxectos solidarios elixidos polos seus traballadores e traballadoras en Galicia, que beneficiarán a 45.019 persoas en toda a rexión. Os empregados e empregadas do banco propuxeron un total de 60 proxectos de entidades sociais en todo o territorio, que tras ser sometidos a un proceso de votación.

“Territorios Solidarios é un dos programas máis queridos polos empregados e empregadas da entidade bancaria, xa que grazas ao seu labor como padriños e madriñas permite chegar a entidades moi locais buscando que sexan máis coñecidas por todos”, destacou a directora do Territorial Noroeste de BBVA, Yolanda Martínez-Bajo.



POLÍTICA SOCIAL COLABORA CON DOWN GALICIA A TRAVÉS DO IRPF

A través das subvencións destinadas a realizar programas de interese xeral para fins de carácter social con cargo á asignación tributaria do 0,7% do Imposto sobre a renda das persoas físicas (IRPF), a Consellería de Política Social financia parte dos programas de familias e emprego que Down Galicia leva a cabo en todo o territorio galego.

Desta forma, o “Programa Autonómico de Apoio a Familias de Persoas coa síndrome de Down” e o “Programa Autonómico de Empregabilidade Down” contan con sendas achegas de 93.826,47€ e 26.626,43€, respectivamente.

Gracias ao primeiro deles, case 700 familias de máis de 100 concellos de toda Galicia beneficiáronse durante o ano 2018 das diversas actuacións levadas a cabo ao abeiro deste proxecto: información e orientación, formación continuada, apoio especializado, coordinación autonómica, etc.

A intervención no ámbito familiar é prioritaria para a Federación Down Galicia ao entender que a familia é o activo máis importante para as persoas coa síndrome de Down. O seu obxectivo é a busca o equilibrio e a creación dun clima afectivo relaxado e normalizado que contribúa ao adecuado desenvolvemento d@s usuari@s.

Por outra banda, 43 persoas coa síndrome de Down e outras discapacidades intelectuais puideron beneficiarse das actuacións desenvolvidas no programa de empregabilidade, que busca mellorar a súa calidade de vida a través da obtención dun posto de traballo, da súa formación ou da mellora das súas opcións de cara á procura de emprego. A totalidade das persoas participantes obtiveron os seus itinerarios personalizados de acompañamento e apoio na inserción e tanto elas como as súas familias foron informadas, orientadas e formadas sobre o proceso de inclusión laboral.

Con respecto ó traballo de prospección, durante este ano logrouse contactar cun total de 52 empresas de diferentes puntos da xeografía galega co fin de lograr un posto de traballo susceptible de ser ocupado por aquelas persoas participantes no proxecto que estiveron en situación de procura de emprego nalgún momento do ano, ou ben, para negociar posibles renovacións ou prórrogas de persoas usuarias ocupadas.

O emprego con apoio está orientado á inclusión das persoas con discapacidade intelectual na empresa ordinaria de forma normalizada. Ademais, nos últimos tempos, estase a erixir como un método sumamente eficaz, non só polo crecente número de iniciativas que cada día se implantan en España, senón polos altos niveis de satisfacción que presentan todos os axentes implicados nelas: persoas empregadas, empresas, preparadores e preparadoras laborais, etc.



'YOUTUBERS' DA COMARCA DE VIGO NOS NOVOS ORIENTACONSELLOS

Down Galicia abriu o outono cunha nova temporada do OrientaConsello, o microespazo en Youtube dedicado á busca activa de emprego, cun xiro no seu formato.

Nesta etapa o pequeno programa mudou para aportar un punto de vista máis práctico sobre a empregabilidade. Agora cada episodio afonda nun oficio concreto, explicando as súas tarefas, considerando as aptitudes para o mesmo e vendo exemplos do mal e o bo facer.

Os últimos dous capítulos desta segunda temporada están protagonizados por Ángel Raimúndez e Andrea Carnero, membros de Down Vigo. Mentres o primeiro fala do oficio de dependente/a de comercio, a segunda fai o seu co de limpiador/a.

Esta iniciativa da Federación reivindica a inclusión e a filosofía colaborativa da rede, compartindo con todas aquelas persoas que o desexen consellos e trucos que as axuden na complicada tarefa que supón atopar un traballo.

OrientaConsello ten unha periodicidade mensual e son publicados na canle de Youtube e nas redes sociais da Federación.

Fai click nas imaxes para ver os vídeos!

Capítulo 18: Dependente de comercio, por Ángel



Capítulo 19: Limpiador/a por Andrea



MÁIS NOTICIAS?

Accede a www.downgalicia.org para informarte de todas as novidades e publicacións da Federación e as súas entidades membro. Velaquí algunhas, fai click para lelas!

[Mar Caamaño e Lourdes González, Premio Extraordinario Down Compostela por recuperar o dereito ao voto](#)

Máis de 100.000 persoas con discapacidade en España que estaban privadas do dereito de sufraxio poderán votar na vindeiras eleccións. Isto é posible grazas á modificación da Lei Electoral Xeneral, un cambio provocado por Mar Caamaño, nai de Mara, e a avogada Lourdes González-Laganá, que chegaron ata o Tribunal Europeo.

[Xuntos e o Centro de Día Salma asinan dous convenios de colaboración sobre emprego e o envellecemento](#)

Manuel Pérez, presidente de Down Pontevedra Xuntos, e Paula Legísima, directora do Centro de Día Salma, asinaron este mes dous convenios para apostar pola inclusión laboral e o envellecemento activo.

[Un membro de Down Vigo participará no Campionato Internacional de Baristas de Foz](#)

O VII Campionato Internacional de Baristas Profesionais, que se celebrou en Foz o 15 de febreiro, contou por primeira vez cun participante coa síndrome de Down, Roberto Pereira, de Down Vigo. Durante a súa actuación preparou expresos, capuchinos e catro cócteles sen alcol.

SÉGUENOS!



DownGalicia.org



Facebook.com/DownGalicia



Twitter.com/DownGalicia



Youtube.com/DownGalicia



Flickr.com/DownGalicia

O Departamento de Comunicación de Down Galicia é o encargado de confeccionar, publicar e difundir todo evento ou aspecto noticioso das entidades membro da Federación. Non dubides en poñerte en contacto co mesmo no enderezo comunicacion@downgalicia.org.

[Consulta a nosa política de privacidade](#)

